

# A BEPEF informa n.º 16

decembro 2024 | Boletín de novas

da biblioteca | da UDC | de apoio á investigación

## Novas... da BIBLIOTECA

Inauguramos unha nova sección do boletín na que compartimos a produción científica do profesorado da Escola indexada entre outubro e novembro en distintas bases de datos<sup>1</sup>, co fin de darlle visibilidade:

A EPEF  
investiga

Artigos de  
revista

### Artigos de revista publicados por PDI da EPEF

Characterization of the solidity of knotted single-twine diamond mesh netting

Comparison by thermal analysis of Joule-cured versus oven-cured composites

Consideration of Thermal Ageing in Digital Twins of Automotive-Grade Electric Motors

Deep Learning Methods to Mitigate Human-Factor-Related Accidents in Maritime Transport

Education in the AI era: a long-term classroom technology based on intelligent robotics

Energy Analysis of Standardized Shipping Containers for Housing

Energy Efficiency Operational Indicator Resilient, Ship Emissions under Control

Evaluation of asbestos dispersion during laser ablation of rocks containing Naturally Occurring Asbestos (NOA)

Femtosecond laser removal of antifouling paints on glass fibre reinforced plastic used in maritime industry

Floating wave energy farms: How energy calculations shape economic feasibility?

Four-dimensional homogeneous critical metrics for quadratic curvature functionals

High Performance Organic Mixed Ionic-Electronic Polymeric Conductor with Stability to Autoclave Sterilization

High Performance Organic Mixed Ionic-Electronic Polymeric Conductor with Stability to Autoclave Sterilization

A New Deep Learning Methodology for Alarm Supervision in Marine Power Stations

<sup>1</sup> Fontes consultadas: Web of Science, Scopus e publicacións da EPEF no Portal da investigación da UDC. Se tes algunha publicación recente e non figura nestas listas, contacta coa biblioteca para que o revisemos.

**A EPEF  
investiga**

**Artigos de  
revista**

A new methodology for experimental analysis of single-cavity bubble's nucleation, growth and detachment in saturated HFE-7100

Predicting lifetime of adhesive bonds for naval steel by time-temperature superposition

Simulating fatigue damage on planar mechanisms considering wear in revolute joints with clearance

Simultaneous optimal system and controller design for multibody systems with joint friction using direct sensitivities

Sistema de control y supervisión de un reactor biológico de una depuradora de aguas residuales.

Sodium alginate-g-polyacrylamide hydrogel for water retention and plant growth promotion in water-deficient soils

Statistical Procedure for Panel Block Assembly in Shipbuilding

An UAV system for visual inspection and wall thickness measurements in ship surveys

**A EPEF  
investiga**

**Congresos**

**Contribucións a congresos publicadas por PDI da EPEF**

Autonomous Perceptual Categorization for Robotic Lifelong Learning in Dynamic Domains

Characterization of Water Consumers in Urban Areas Based on Data Visualization Techniques

Dispositivo configurable para modelar y analizar comportamientos de consumo de agua

Efficiency of Specialized Genetic Operators in Non-dominated Tournament Genetic Algorithm (NTGA2) Applied to Multi-objective Multi-skill Resource Constrained Project Scheduling Problem

Identification and Behavior Pattern Recognition of Cows in Intensive and Extensive Farms Using Intelligent Collars and Dimensional Reduction Techniques

Missing Meteorological Data Imputation for Mini Eolic Electrical Power Prediction

RoboboITS: A Simulation-Based Tutoring System to Support AI Education Through Robotics

A Short Analysis of Hybrid Approaches in COVID-19 for Detection and Diagnosing

**Novidades  
bibliográficas**

**out. - nov.**

**Novidades --> Libros impresos --> BEPEF --> selección**

Characterization of tribological materials  
Computer-aided kinematics and dynamics of mechanical systems. Vol. II, Modern methods  
Comunidades energéticas: posibilidades de implantación y desarrollo en la provincia de Castellón  
Concrete: microstructure, properties and materials  
Curso de prevención de riesgos laborales  
Deep-sea mining : resource potential, technical and environmental considerations  
Dibujo industrial: modelado de objetos 3D: ejemplos y ejercicios con SolidWorks  
La dirección estratégica de la empresa: teoría y aplicaciones  
Ética e impacto de la empresa: la perspectiva ética en las evaluaciones de impacto empresarial  
Gestión integral de la calidad: implantación, control y certificación  
El gobierno corporativo como motor de la responsabilidad social corporativa  
Maintenance engineering handbook  
Nexus: una breve historia de las redes de información desde la Edad de Piedra hasta la IA  
Properties of concrete  
Replanteo y funcionamiento de las instalaciones solares fotovoltaicas: UF0150  
Riesgos de incendio en paneles fotovoltaicos  
Solar energy: the physics and engineering of photovoltaic conversion, technologies and systems  
Statistical process control for real-world applications

**Novidades  
vinculadas ao  
Máster  
Universitario  
en Tecnoloxía  
Textil e Moda  
Sustentable**

Advances in functional finishing of textiles  
Digital textile design  
Diseño digital textil  
Electronic textiles: smart fabrics and wearable technology  
Fabric manufacturing technology : weaving and knitting  
El gran libro de la costura  
Handbook of technical textiles. Volume 1, Technical textile processes  
Iniciación en materiales, productos y procesos textiles  
Principios básicos del diseño textil  
Técnicas de patronaje para accesorios de moda: zapatos, bolsas, sombreros, guantes, corbatas, botones, incluye ropa para perros  
Textile engineering: an introduction



Tamén podes coñecer as  
**novidades de toda a biblioteca universitaria**  
dende o noso catálogo → **CONSULTAR EN Crunia**

**Revistas  
impresas**
**out. - nov.**


Revistas en papel --&gt; BEPEF --&gt; outubro e novembro de 2024

Título	Número	Data
Automática e instrumentación	n.558, n.559	Sep.2024, oct.2024
Cemento Hormigón	n.1024	Sep.2024
CIC arquitectura y sostenibilidad	n.596, 597	Sep.2024, oct.2024
Código cero	n.254, 255	Set./out.2024, nov.2024
Dyna	n.6	Nov./dic.2024
Dínamo Técnica	n.32	Oct.2024
Electronic product design & test		Sep.2024
Elektor MAG	n.533	Nov./Dec.2024
Eurofach electrónica	n.500	Mayo/jun.2024
Fluidos	n.471	Oct.2024
IMHE	n.511, n.512	Oct.2024, nov.2024
El instalador	n.632	sep.2024
J3E	n.912, n.913	Sep.2024, oct.2024
The MagPi	n.147	Nov.2024
Marine technology	n.4	Oct.2024
Metalindustria	n.56	Nov.2024
Naval Forces	n.4	Nov.2024
Retema	n.257, n.258	Ag.2024, sep./oct.2024
Revista APD	n.377	Sep./Oct.2024
Revista española de electrónica	n.839, n.840	Oct.2024, nov.2024
Revista española de física	Vol.38, n.2	Abr./jun.2024
Rotación	n.617	Mayo.2024
Ship & Boat International	n.5	Sep./Oct.2024
Surfas press	n.54, n.55	Jun.2024, oct.2024
Tecnoinstalación	n.69	Jul./ag.2024
Televes Info	n.190	Sep.2024

**Novidade  
destacada**
**Sinatura BEPEF:  
A.EM 419**
***La cadena global de valor de las prendas de vestir : la conciencia del consumidor respecto a los lugares de producción.*** Tecnos, 2021

Incorporamos este interesante libro á nosa colección, posto que é bibliografía recomendada da materia *Ética na cadea de valor*, do Máster Universitario en Tecnoloxía Téxtil e Moda Sustentable.

A obra é de autoría colectiva e estrutúrase en catro bloques, nos que se analiza a industria téxtil e o consumo de prendas de vestir tanto no sistema económico global como en España.



## A EPEF recomenda

O libro  
escollido por  
**Ana Álvarez**

Título do libro:  
Sistema diédrico

Autoría:  
Isabel Jiménez e  
César Calavera

Ano:  
2011

Sinatura:  
DE 110

A profesora Ana Álvarez recoméndanos un título de especial interese para as materias de Expresión Gráfica.

Cando alguén se enfrenta por primeira vez ao sistema diédrico, os libros adoitan ser arduos. A obra que nos recomenda é unha excepción a destacar, posto que explica dun xeito sinxelo e ameno os fundamentos básicos que necesitaremos coñecer en profundidade para, con posterioridade, ir avanzando no tema cara a cuestións máis complexas. Destaca tamén que se trata dun texto breve e cunha edición moi coidada. [Sistema diédrico](#) está dispoñible na biblioteca da EPEF coa sinatura DE 110.

Ana Álvarez é profesora da área de Construcións navais e pertence ao grupo de investigación PROTERM. É, ademais, a directora da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos da Universidade da Coruña.



## Formación para alumnado da EPEF

A biblioteca organizou, en colaboración coa EPEF, diversas sesións formativas para alumnado da Escola no último trimestre:

- En setembro impartimos unha formación inicial básica sobre competencias informacionais: [Aprende a buscar e a citar para os teus traballos de clase](#).
- En outubro a actividade formativa da biblioteca centrouse nos traballos académicos: [O TFG/TFM na EPEF: buscar e xestionar información](#).
- En novembro organizáronse dúas sesións sobre a busca e localización a texto completo de [normas técnicas \(UNE, ISO, ASTM...\)](#).

De todas estas sesións, dunha hora aproximada de duración, organizáronse dúas sesións en horarios diferentes. Se non puides asistir e queres recibir esta formación, contacta coa biblioteca, ben presencialmente, por email ou na extensión 3625.

## Horario Nadal

Entre o 23 de decembro e o 3 de xaneiro, ambos os dous incluídos, o horario da biblioteca será de **09:15 a 13:15 h**. Os seguintes días, ademais, a biblioteca estará pechada: 24, 25 e 31 de decembro; 1, 6 e 7 de xaneiro.

## Préstamos

A devolución dos documentos que o alumnado de grao leve ou renove dende o 13 de decembro será para o **8 de xaneiro**, xa para a volta de vacacións.

## Novas... da UDC

### Axudas de matrícula

Convocatoria do plan propio da UDC de axudas para sufragar os prezos públicos de matrícula dirixidas ao estudiantado en situacións de dificultades económicas para o curso 2024/25. Poden presentarse solicitudes ata o 2 de abril de 2025.

[Máis información](#)

### Banco de reciclaxe electrónica de ESF

A UDC, en colaboración con Enxeñaría Sen Fronteiras, conta cun novo banco de reciclaxe electrónica no Campus Industrial de Ferrol. Situado no Edificio de Apoio ao Estudo, o obxectivo deste proxecto a reutilización e reparación de todo tipo de equipos informáticos con destino a organizacións non gubernamentais.

O noso compañeiro da biblioteca Jose Folgar é unha das persoas colaboradoras nesta interesante iniciativa. [Máis información](#)



**Banco de Reciclaxe**  
Electrónica de Enxeñaría  
Sen Fronteiras

### Certame: Cántame a túa investigación

A Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC convoca a III edición do Certame Cántame a túa investigación! coa finalidade de promover entre o seu alumnado as habilidades de comunicación e divulgación da ciencia. Trátase de realizar un audiovisual en formato de monólogo científico, preferentemente en galego, de tres a cinco minutos en que se conte de forma divulgativa, atractiva e divertida o contido dun TFG, TFM ou tese de doutoramento.

Presentación de candidaturas ata o 13 de febreiro de 2025. [Máis información](#)

### Convocatoria: Divulgando o noso

III edición da Convocatoria Divulgando o noso, cuxo obxecto é colaborar co persoal investigador da UDC para trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografía científicas que poidan expoñerse en instalacións da universidade, nas súas redes sociais e coa posibilidade tamén da súa difusión noutros medios en colaboración con outras institucións como concellos, museos etc. Presentación de candidaturas ata o 17 de xaneiro de 2025.

[Máis información](#)

### Afrontemos Atención psicolóxica

Afrontemos é o Programa de atención psicolóxica para as persoas da comunidade UDC. Trátase dun servizo de atención e asesoramento psicolóxico gratuito, accesible e confidencial cun equipo de especialistas en psicoloxía sanitaria e clínica. A súa sede está no Campus de Ferrol.



A  
TEN  
CIÓN  
PSICO  
LÓXICA

→ A  
FRON  
TEMOS

## Novas... de APOIO á INVESTIGACIÓN

### Sexenios 2024

#### Campaña de apoio para PDI EPEF

Continúa aberta a campaña da biblioteca de apoio na vindeira convocatoria de avaliación da actividade investigadora. **As peticións estanse atendendo por orde de chegada.** Ofrecemos servizos en dous sentidos:


- 1) **Depósito das publicacións no repositorio da UDC.** Trátase dun requisito obrigatorio da convocatoria. Dende a biblioteca, ademais de realizar o arquivo delegado, revisamos que versión de cada documento habería que subir en función das condicións das editoriais/revistas.
- 2) **Busca de indicios de calidade** de cada publicación en todas as dimensións comprendidas polos criterios da ANECA.

Para solicitar o servizo, o PDI da EPEF pode contactar con nós e forma presencial na biblioteca, vía email ([biblioteca.epef@udc.es](mailto:biblioteca.epef@udc.es)) ou na extensión 3290.

### Datos de investigación

#### Material informativo e formativo

REBIUN ven de publicar no seu repositorio o informe «[Material informativo sobre datos de investigación en las páginas web de las bibliotecas REBIUN](#)». Trátase dun traballo desenvolvido neste ano 2024 por un dos seus grupos de traballo, no que participa a nosa compañeira da biblioteca da EPEF Vanesa. Neste informe podedes atopar ligazóns a guías informativas de distintas bibliotecas universitarias españolas sobre diversas cuestións relacionadas coa xestión de datos na investigación.



Sobre esa materia tamén versa un MOOC desenvolvido polo CUFIE en [UDC Aberta](#), cuxo equipo docente está formado por Vanesa (Biblioteca da EPEF), Isaac (Biblioteca de Ciencias) e Carlota (Biblioteca de Economía e Empresa). O prazo de matrícula xa está pechado, pero os materiais elaborados están dispoñibles en aberto no RUC:

[Ciencia abierta y datos de investigación.](#)

### Formación online

#### Web of Science

A FECYT e Clarivate ofertan os seguintes cursos de formación sobre a Web of Science entre o 10 e 12 de decembro:

- Primeros pasos con los perfiles de investigadores en Web of Science
- Gestionar un perfil de investigador en Web of Science
- Interpretar las métricas de los perfiles de investigadores en Web of Science.

A asistencia é gratuíta previa inscrición. [Máis información](#)

## Revistas depredadoras

### Test para evitalas

Compass To Publish é un recurso elaborado pola biblioteca da Universidade de Liège de gran interese para evitar revistas depredadoras. Respondendo ás preguntas do seu test, ofrece unha diagnose sobre o grao de autenticidade dun determinado journal.



## Advent calendar 2024

### Problems in academic papers

En relación tamén coas revistas depredadoras, compartimos con vós un [calendario](#) no que durante o mes de decembro, ata Noiteboa, publican cada día un caso con inconsistencias ou problemas en artigos académicos e revistas científicas. Atrévadesvos a facer o reto?



## Bluesky en Altmetric

Almetric xa monitoriza a rede social Bluesky como unha nova fonte de impacto social, ao igual que xa facía coa rede X. [Máis información](#)



Bluesky é unha rede social similar a X que nas últimas semanas aumentou moi considerablemente o seu número de usuarios, [tamén](#) entre a comunidade científica.

## Open Policy Finder

*Sherpa Romeo*, o directorio internacional máis empregado para revisar as políticas de acceso aberto de revistas e editores, reconvértese en [Open Policy Finder](#). Neste novo recurso aúnanse os antigos *Sherpa Romeo* e *Sherpa Juliet*, mais o funcionamento é igual: podedes buscar unha determinada revista ou editorial para coñecer a súa política de acceso aberto: que versión podemos depositar, en que repositorio, baixo que condicións...



Se o que necesidades é consultar a política dunha revista española, o recurso indicado é [Dulcinea](#).

Lembrede que esta consulta tamén podedes facerlla ao persoal da biblioteca, que se encargará de ofrecervos as indicacións detalladas para cada caso concreto.

## Sobre nós... Biblioteca Ángela Ruiz Robles (EPEF)

### Enderezo

Edificio de Apoio ao Estudo, 2º Andar. Campus de Esteiro, Ferrol.

### Teléfonos

Mostrador. Información e préstamos: 881 013 332 / 881 013 652  
Proceso técnico. Apoio ao estudiantado e a PDI: 881 013 290 / 881 013 625  
Dirección da biblioteca: 811 013 284

### Email

[biblioteca.epef@udc.es](mailto:biblioteca.epef@udc.es)

### Redes sociais

@biblioexenaria

### Web

<https://www.udc.es/biblioteca.epef>



### Subscripción ao boletín

Podes recibir novos números deste boletín no teu correo electrónico solicitándoo no seguinte [formulario](#).